



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 22 DE AGOSTO DE 2011

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

- Concédese inicialmente unha axuda para un local comercial en Rodrigo de Padrón, nº2, por importe de 6.010,12 euros.
- Apróbanse cinco solicitudes de pagamento da axuda para elementos especiais de madeira, por un total de 15.401,59 euros.
- Apróbase unha axuda para a execución dunha obra nun inmovible na rúa da Acibechería, 19, por 286,60 euros.
- Apróbanse dúas solicitudes de pagamento para a execución de obras en dous inmoibles, por un importe total de 3.518,58 euros.

6.- Adxudicación das Obras de Reforzo de firme da vía pública M-8-IV entre A Ponte e Ponte Albar (Grixoa), incluídas no POS 2011 da Excm. Deputación Provincial da Coruña

Adxudícanse as devanditas obras á empresa EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., por un importe de 177.000 euros.

7.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á resolución do recurso de reposición presentado polo CENTRO SOCIAL CULTURAL ALBERGUE XOAN XXIII.

Apróbase a modificación da puntuación inicial obtida pola entidade, quedando igualmente fóra do orzamento máximo previsto para a acción á cuxa subvención optaba.

8.- Proposta da concelleira delegada de Obras e Infraestruturas relativa a prórroga das obras de construción dunha edificación destinada a escola infantil en Salgueiriños de Abaixo.

Acórdase a prórroga das devanditas obras por un período de catro semanas, fixando o remate das mesmas para o 23 de setembro.

9.- Prórroga do contrato de mantemento do parque de Salgueiriños.

Acórdase a prórroga do devandito contrato polo prazo dun ano, a contar dende o 31 de agosto de 2011, así como a revisión do prezo de adxudicación de acordo co 85% da variación do IPC no período comprendido entre xullo de 2010 e xullo de 2011.

10.- Convalidación e liquidación dos gastos do Programa SUITE.

- Apróbase a liquidación de gastos, que ascende a unha contía global de 140.008,85 euros (66.826,61 euros no ano 2011, 11.837,87 no ano 2009 e 61.344,37 no ano 2010).
- Apróbase a liquidación de gastos imputables á anualidade 2011 do Concello de Santiago, por 35.002,70 euros.
- Apróbase a liquidación de "gastos comúns" a repercutir entre os participantes, que ascende a 35.801 euros

11.- Mantemento de diversas Zonas do ámbito do PE de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica exteriores ao recinto intramuros exercicio 2011.

Adxudícase o devandito contrato á empresa CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA, S.L., por un importe de 53.000 euros.

12.- Dar conta da resolución da secretaría xeral de Familia e Benestar pola que se actualiza no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais os datos referidos á entidade Concello de Santiago de Compostela.

Dáse conta da devandita actualización, por modificación de representante legal.